



Menú Arousa

Cando reservas no Loxe, tes unha mesa no restaurante e tamén preparamos a súa réplica na terraza para o aperitivo e a sobremesa.

“Todo comeza e remata no mar”. Un paseo pola nosa casa, que ese día será a vosa.

O Menú Arousa é un *menú inspirado na paisaxe*.

*Cociñamos só o que a nosa vista alcanza*, abastecéndonos da ría traendo os produtos dos recolectores e produtores locais da forma máis honesta e directa posible.

Non se trata dun menú degustación ó uso.

Non é un menú longo e estreito, é máis ben **"un xeito de comer"**. Unha proposta sinxela, responsable e de territorio.

Baixo o lema **"encher a mesa"**, presentamos este Menú Arousa. Un menú en 4 lances (ou como *comerse a ría*).

### **Lance**

*termo mariñeiro:*

- 1. acción e efecto de lanzar*
- 2. acción de botar a rede para pescar*
- 3. pesca que se saca dunha vez*

Para acompañar este menú contamos cuns menús-viaxes cos nosos *viños de praia*, ademáis temos propostas de *tragos frescos e sen alcol*.

-

Esta reserva implica o Menú Arousa (**75€\* / persoa. Ive incl.**).

*\*Inclúe trago de benvida, pan e servizo de mesa.  
Non inclúe bebidas, nin os mariscos do aperitivo.*

Unha vez alí, *podemos facer un aperitivo engadindo ao menú os mariscos do día* (metrozero).

\*\*\*Non temos servizo de bar, nin servizo "a la carta".

LOXE